BANDO

Alejandra Permuy Meizoso, alcaldesa do Concello de Fene

FAI SABER

O artigo 13 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario de Galicia e o Plan de seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de xuño de 2022 (DOG, núm. 125, de 1 de xullo de 2022) establecen as medidas de carácter específico na situación de alerta pola seca.

Como consecuencia do anterior, mediante resolución da alcaldía número 1496/2026, do 10 de novembro, dispúxose a activación do plan de emerxencias municipal con motivo da alerta pola seca.

Por tal motivo, lémbrase á cidadanía que non se permite a subministración para os usos e destinos seguintes:

-Recheo de piscinas, rega de xardíns públicos e privados, zonas verdes públicas e privadas (salvo o esencial), baldeo de rúas, láminas de auga, fontes para consumo humano sen dispositivos automáticos de peche, lavado con mangueiras de vehículos (salvo empresas dedicadas á devandita actividade), e instalacións de refrixeración e acondicionamento que non teñan en funcionamento o sistema de recuperación.

O incumprimento das medidas poderá ser obxecto de sanción, de acordo co título VII da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, tendo en conta as especialidades do réxime sancionador en episodios de seca do art. 31 da Lei 9/2019, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario de Galicia.

O que se fai público para xeral coñecemento.

CVD: uHT3LDL/Qm094LKpHdxj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.fene.gal/